

Cruceiro do cemiterio

010134

Datos de Localización

Cruceiro

Nomenclator:	3200507
Coord. UTM:	X: 603369
	Y: 4642275
Concello:	Baltar
Parroquia:	VILAMAIOR DA BOULLOSA
Lugar:	Vilamaior da Boullosa
Tipoloxía:	Arquitectura Relixiosa
Tipo:	Cruceiros
Subtipo:	Cruceiro



Denominación: Cruceiro do cemiterio

Etapa Histórica: Idade Moderna

Estilo relevante Renacentista

Outros Estilos:

Descripción:

Cruceiro do século XVII ubicado no cemiterio de Vilamaior da Boullosa. Presenta plataforma de tres gradas e pedestal prismático cos netos en rebaixe, sobre unha base escalonada e con cornixa cuadrangular moldurada. O varal cilíndrico arranca dunha baza circular e escalonada. Presenta sobre collarino e capitel corintio composto superado por abaco cadrado cos lados cóncavos e decorados con eficies de forma circular. A cruz ten os travesaños de sección cuadrangular provista de cartela e decoradas coas imaxes de Crucificado e Virxe das Angustias.

Segundo os veciños, o cruceiro trasladouse fai corenta anos. A ubicación orixinal deste cruceiro sería no emprazamento que hoxe ocupa o teleclub, na mesma rúa, a uns vinte metros. Nese lugar había unha capela que foi demolida para colocar o cruceiro.

Na actualidade aos pés do cruceiro hai unha mesa-altar ou pousadoiro con base rectangular, zona central con oco labrado e mesa rectangular e moldurada. Peza que podería pertencer a esa capela hoxe desaparecida.

En diferentes libros da Boullosa aparecen as seguintes referencias:

Libro 1.14.8.

Fol.2. Visita 2 Decembro 1634. Dícese que su merced ten noticia de que moitos dias de festa a misa dícese na capela de Nosa Señora dos Remedios, e non na igrexa, asi que manda que isto non suceda, e tódolos días de obligación dígase misa na igrexa de Vilamaior da Boullosa.

Fol.15v. Contas do ano 1633. Nunha nota ao marxe pon "tiene carta de pago de todo lo demás de los maestros, que hicieron la hermita de Nuestra Señora".

Fol.16. Contas de 1634. Volve a falar dunha partida de diñeiro que se pagou para a obra da ermida da Nosa Señora.

Fol.20. Visita 4 Decembro 1640. Tamén se di que na hermida de Nosa Señora se di misa a diario, asi que manda que se nomee a un maiordomo.

Fol.56. Visita 9 de Agosto 1669. "... Ay dos hermitas en la feligresía una de San Antonio abad y la otra de nuestra señora de los Remedios".

Libro 4.14.12.

Fol.7v. Visita 20 de Xuño 1679. "Ay una hermita de Santantuiño y otra donde esta el santisimo = Ay otra en el lugar de lo rousia de santa ysavel = y en la hermita de nuestra señora de los remedios ay una capilla colativa que fundo el licenciado Gonzalo Dominguez...".

Fol.29. Visita 28 de Xullo 1687.

"...ay una ermita de Nuestra Señora de los remedios y san antonio abad estan con decencia..."

Fol.36v. Visita 16 Xuño 1694.

"ay en esta feligresía dos capillas que la una es quasi matriz con obligacion de misa de Alva todos los dias festivos aunque al presente esta mal tratada y con yndeçencia. Y la otra de San Antonio abad en el lugar de Santantoyño que esta con deçencia..."

DOCUMENTACION:

-Ficha de inventario del patrimonio arquitectónico de Interés Histórico Artístico del Ministerio de Cultura.

-Ficha do Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica.

-A.H.D.OU.

BOULLOSA

Libro 1.14.8

Libro 4.14.12

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta:

Elementos singulares

Construtivos:

Decorativos: Crucificado: responde ao modelo de catro cravos, pano de pureza atado con cordón, coroa de espiños labrada e vista ao frente. Os brazos son moi pequenos en proporción ao brazo da cruz e ten as mans pechadas. Dado o pequeno tamaño do travesaño más longo, a figura semella estar de pé, apoiada sobre o ábaco, más que crucificada.
Virxe das Angustias: a figura da Virxe viste longo manto cubríndolle a cabeza e non ten ao fillo sobre os xeonllos e apoiado nun brazo. A figura de Cristo ten o torso de frente, as pernas flexionadas rodean un lateral do corpo da Virxe e un dos brazos cae verticalmente por diante das pernas da súa nai.

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50 m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 571 / 1963 do Ministerio de Educación Nacional.

Titularidade**Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Bo**Uso Actual:** Devocional**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:****Data:****Descripción:****Proxecto:****Axentes:****Observacións:****Bens Mobles**











